

RESOLUCIÓN DE ARQUIVO (Expte. RA-11/2008, TAPICERÍAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente
D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2008.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator D. Alfonso Vez Pazos, vogal, ditou a seguinte resolución no Expediente RA-11/2008, Tapicerías de Santiago de Compostela (Expediente 1/2008, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en diante SGDC), tras examinar a proposta de arquivo efectuada polo SGDC, en escrito de data 23 de xuño de 2008.

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 10 de xaneiro de 2008 recibíuse no SGDC denuncia presentada por D. M. J. F. T. e D. M. T. P. R., administradoras de Temainteriores, S. C., por presuntas prácticas restritivas da competencia no sector da venda de artigos de decoración para o fogar, contra “Julio Tapicerías”, situada na rúa Alfredo Brañas, nº 21, de Santiago de Compostela, por condutas desleais tipificadas polo artigo 3 da Lei 15/2007, do 13 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC en diante), en relación cos artigos 5 e 14 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.

2.- A conduta denunciada consistiría na presión realizada por “Julio Tapicerías”, mediante “sistemáticas ameazas de cese de compra do seu material”, sobre subministradores comúns para que non venderan papeis pintados a Temainteriores, S. C., empresa de recente creación. A efectos acreditativos, as denunciantes indican que o provedor “*D. F. B., que trabaja en el ramo de alfombras*” deixoulles de subministrar mercadorías “*alegando la presión al que le somete la*

denunciada". A forza de tal presión basearíase en que a empresa denunciada é un cliente de entidade, cunha actividade consolidada no mercado ao longo dos anos.

3.- Ao abeiro do disposto no artigo 49.2 LDC, o SGDC iniciou unha información reservada, co obxecto de esclarecer con carácter preliminar se concurrían as circunstancias que puideran xustificar a incoación dun expediente sancionador.

4.- No trámite de información reservada, o SGDC solicitou información a D. F. B. S., administrador de Belso Alfombras S.L., o proveedor que, presuntamente, deixara de subministrar mercadorías ás denunciantes.

5.- Mediante escrito remitidos ao SGDC, en data 7 de marzo de 2008, D. F. B. S. indica que a empresa Julio Tapicerías aparece na súa listaxe de clientes, ao tempo que nega que Belso Alfombras S.L. deixara de subministrar mercadorías ás denunciantes. Na súa resposta tamén achega unha factura a Temainteriores, S.C., do 21 de decembro de 2007, por un importe de 1.196,42 € (IVE incluído).

6.- Pola súa banda, D. J. I. V., titular e administradora de Julio Tapicerías, indica no seu escrito de 12 de maio, que non mantén, nin ten mantido, relacións comerciais con "D. F. B.", achegando como proba a súa listaxe de subministradores.

7.- Ante a inconsistencia das respostas anteriores, D. F. B. S., en escrito remitido ao SGDC o 23 de maio de 2008, indica que Julio Tapicerías aparece na súa listaxe de clientes, pero que pode ser que non se lle facturara nada nos últimos anos. Adicionalmente, D. J. I. V. achega ao SGDC, en escrito remitido o 27 de maio de 2008, un fax que lle remitira D. F. B. S., no que se indica que a listaxe de clientes remitida ao SGDC aparecen tanto os clientes reais como os potenciais, ao tempo que confirma que *"no hemos emitido ninguna factura en su nombre en el periodo solicitado"*.

8.- Dadas as respostas de D. F. B. S. e de D. J. I. V., unha das denunciantes, D. M. J. F. T., modifica a súa denuncia indicando que non é Belso Alfombras, S.L. a empresa que actuou nos termos denunciados, que quen o fixo foi "F. B. Representaciones", outra entidade da que é responsable D. F. B. S., que ten o mesmo domicilio que Belso Alfombras, S.L., e que é a que realmente subministra papeis pintados. Agora ben, no mesmo escrito, a denunciante indica que D. F. B. é un comisionista, que actúa en nome e representación

de diversas empresas, entre elas Ankara, do grupo “Casa y Jardín”. Do escrito parece que son os produtos desta empresa os que foron solicitados pola denunciante e no foron servidos.

9.- Este Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto na súa reunión do 10 de setembro de 2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 15/2007 de Defensa da Competencia establece no artigo 49.3 que o Consello da Comisión Nacional de Competencia poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC, e o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei. En virtude da Disposición Adicional Oitava da mesma Lei 15/2007, esta facultade está atribuída tamén aos órganos de resolución das Comunidades Autónomas con competencia na materia, no caso de Galicia, este Tribunal.

SEGUNDO.- A cuestión que, entón, debe resolver o TGDC é se acepta a proposta do SGDC de non incoar procedemento neste expediente e proceder ao arquivo das actuacións ou, pola contra, ordenar a incoación dun procedemento por considerar que existen indicios de prácticas contrarias á LDC, a partir da denuncia presentada ou da información achegada polo Servizo.

TERCEIRO.- Como ben indica o SGDC a denuncia diríxese exclusivamente contra “Julio Tapicerías”, atribuíndolle unha conduta ilícita, consistente en “exercer presións sobre provedores comúns para que estes non vendan mercancía á denunciante”; non se dirixe contra Belso Alfombras, S.L., o único provedor común ó que se fai referencia na denuncia, nin contra F. B. Representaciones, o subministrador cara o que posteriormente se fai referencia. Non se denuncia, pois, a existencia dun posible acordo ou práctica concertada entre “Julio Tapicerías” e F. B. Representaciones nin, dada a natureza de comisionista deste último, entre “Julio Tapicerías” e “Casa y Jardín”, senón soamente a hipotética conduta de presión de “Julio Tapicerías” sobre diversos subministradores non identificados, agás o anteriormente referido.

CUARTO.- Dado que nin se denuncia nin hai indicios de acordos colusorios, débese analizar se a conduta denunciada pode constituír: 1) un abuso de posición de dominio ou 2) competencia desleal con afectación ó interese público.

QUINTO.- As dilixencias efectuadas polo SGDC indican que non existen indicios de que “Julio Tapicerías” teña unha posición de dominio no mercado de venda de artigos de decoración para o fogar na cidade de Santiago de Compostela, dada a “existencia de, polo menos, 17 tendas de decoración na cidade”, polo que, ao non existir posición de dominio, non pode haber abuso de tal posición.

SEXTO.- Temainteriores, no seu escrito inicial, denuncia a presunta infracción dos artigos 5 e 14 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal. Agora ben, o feito de que unha empresa realice prácticas de conduta desleal non implica necesariamente que estas deban ser examinadas e, no seu caso, sancionadas polos órganos administrativos de defensa da competencia. En efecto, o artigo 3 LDC supedita e limita a intervención deste órganos no caso de actos de competencia desleal á afectación do interese público. Por tanto, se non existira tal afectación, aínda que a conduta fora unha práctica desleal, non lle correspondería aos órganos administrativos de defensa da competencia investigala e resolvela.

SÉTIMO.- No presente caso, non é posible apreciar indicios de afectación do interese público, senón soamente un conflito entre empresas particulares, que debe ser resolto polos Xulgados do Mercantil, que teñen a competencia da avaliación das condutas desleais nas que o interese público non se vexa afectado. Este Xulgado poderá apreciar, no seu caso, se efectivamente a conduta descrita ten encaixe na xa citada Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

ÚNICO.- Admitir a proposta do SGDC de non incoar expediente sancionador polas condutas denunciadas por D. M. J. F. T. e D. M. T. P. R., administradoras de Temainteriores, S. C., contra “Julio Tapicerías”, ao non se apreciaren indicios de infracción da Lei de Defensa da Competencia, e acordar o arquivo das actuacións iniciadas polo Servizo Galego de Defensa da Competencia.

Comuníquese esta Resolución ao SGDC e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a mesma non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir da data de notificación desta Resolución.